



FUNDACIONES DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

X. FUNDACIÓNS DO SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO

O Estatuto de Autonomía de Galicia, na alínea 26, do artigo 27, confire á Xunta de Galicia a competencia exclusiva en materia de fundacións de interese galego.

A Constitución Española, no artigo 34.I recoñece o dereito de fundación para fins de interese xeral, de conformidade coa lei.

A Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, entre as que se atopan as fundacións do sector público. Neste senso, o artigo 113 da citada lei define como fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións nas que conorra algunha das seguintes circunstancias:

- Que se constituán, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.
- Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.
- Que os seus ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, se posúa a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección.

A resolución do 5 de xuño do 2018 da Dirección xeral de Planificación e Orzamentos ao abeiro da Orde do 4 de xuño do 2018 da Consellería de Facenda, pola que se ditan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, establece os formatos que deberán empregar as fundacións públicas autonómicas para remitir a súa documentación orzamentaria co obxecto de garantir un uso máis eficiente e transparente dos recursos asignados ao sector público empresarial nun contexto de austeridade no gasto público.

Os modelos e formatos dos estados financeiros esixidos ás fundacións son os autorizados pola normativa contable vixente para a formulación das contas anuais, recollida no Real Decreto 1491/2011, de 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativas.

Fundacións do sector público autonómico

	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.210	128
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	7.367	6.963
Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia 061	53.878	
Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica	4.368	175
Fundación Galicia Europa	821	5
Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas	1.073	5
Fundación Semana Verde de Galicia	1.962	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	679	1
Fundación Centro Tecnolóxico Supercomputación de Galicia	1.973	750
Fundación Exposicións e Congresos A Estrada	205	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	519	320
Fundación feiras e Exposicións de Ourense	1.430	102
Instituto Feiral de A Coruña	443	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	2.455	346
Fundación Rof Codina	1.732	25
Fundación Deporte Galego	3.775	20
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	4.091	
Fundación Galega Formación para o Traballo	487	11
Fundación Camilo José Cela	290	
Fundación Axencia Enerxética Provincial de A Coruña	207	2
Total	88.964	8.851

(Miles de Euros)